

## INFORMACIÓN SOBRE AGUSTÍN MAGÁN BLANCO



Agustín Magán Blanco, nado en Santiago de Compostela en 1918 e finado na mesma cidade o 2 de abril de 1998, foi actor, director e autor teatral.

Fundou en xaneiro de 1960 o grupo de Teatro de Cámara DITEA (Difusión do Teatro Afeccionado)xunto a un grupo de afeccionados con desexos de facer bo teatro en Santiago de Compostela.

Como dramaturgo conta cunha produción considerable que foi estreada pero que non está publicada na súa totalidade. Coa obra "Mesmo semellaban bruxas" obtivo o Premio do Ateneo de Ferrol en 1978, con "Alias Pedro Madruga", unha mención no derradeiro Certame Abrente de 1980, con "Os rebertes" o Premio Álvaro Cunqueiro de 1990, e pola obra "Deus mandou S.Tiago" o Premio do Certame literario Galaico-Portugués.

Pola súa intensa labor teatral, Agustín Magán recibe o Premio Xiria 1987. No ano 1997, nos Premios de Teatro "María Casares" da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, recibe o Premio Marisa Soto a súa labor teatral; neste mesmo ano o Concello de Santiago concédelle a Medalla de Prata ao Mérito Cultural.

Obra publicada:


"Mesmo semellaban bruxas" e "Alias Pedro Madruga"

"A lenda de Xoan Bonome"

"Farsa Plautina"

"Os rebertes"

**INFORMACIÓN SOBRE A COMPAÑÍA DE TEATRO DE CÁMARA DITEA**



O Teatro de Cámara DITEA xorde a finais dos cincuenta, ao desapareceren os TEUS (Grupos de Teatro Universitario). Agustín Magán, que máis tarde sería un dos dramaturgos máis queridos da escena galega, foi o artífice de que, en 1960, cun grupo de afeccionados máis, DITEA (Difusión do Teatro Afeccionado) vise a luz. Con Magán crean DITEA como socios fundadores firmantes Jesús Reboredo Rey, Manuel Valiño Segade, José María Paz Sueiro, José Vaamonde Caneda e Luis Rodríguez Míguez.

Na súa primeira época levou autos sacramentais á Praza da Quintana e converteuse nunha tradición compostelá que, na noite do Corpus, DITEA enchese a praza coas súas enormes escenografías e impresionantes representacións: "¡Milagro!", "El hospital de los locos", ou "El Gran Teatro del mundo", de Calderón de la Barca. Estas pezas de carácter relixioso alternábanse cun teatro máis comprometido políticamente, como "En la red", de Alfonso

Sastre, "Deja que los perros ladren", de Sergio Vodanovic e "La razón del poder o el Dictador", de Manuel de Heredia.



A partir de mediados dos 60, pon en escena pezas moi anovadoras, en canto á temática e ás orixinais montaxes: "Donde está la señal de la cruz", de O'Neill, estreouse o 27 de marzo de 1967 no salón amarelo da Delegación de Información e Turismo, baixo a dirección de Enrique Moreno, despois dunha conferencia de Gonzalo Anaya co título "Reflexiones sobre la vanguardia teatral"; estrearon, ademais, "Oración", de Fernando Arrabal, ou "Historias del zoo", de Edward Albee. É tamén momento de clásicos como "La locura de Don Juan", de Carlos Arniches, ou "Seis personajes en busca de autor", de Luigi Pirandello.



Ao longo do 68 e comezos do 69, DITEA organiza dúas compañías itinerantes, coas que se integra en "Festivales de España" e "El carro de la alegría." Denominaranse "La Mojiganga" e "La Carreta", respectivamente. Estes subgrupos levarán a varias cidades galegas o seu taboado da farsa antiga, cun repertorio de teatro clásico popular: "Cornudo y contento", "La carátula", "Las aceitunas" e "Rodrigo del Toro", de Lope de Rueda ; "La guarda cuidadosa", de Cervantes; e "Farsa y justicia del Corregidor", de Alejandro Casona.



Entramos nos 70! Co gallo da celebración do seu X Aniversario, DITEA organiza no Hostal dos Reis Católicos un Festival de Teatro Contemporáneo, que pecha con "¡Silencio, pollos pelones, que ya les van a echar su maíz!", de Carballido. Comeza entón unha nova etapa na que DITEA estrea década e lingua. Empeza a facer teatro exclusivamente en galego, cunha adaptación que Aquilino Iglesia Alvariño fixo da obra de Plauto, "A comedia da oliña". Séguela "Oratorio" de Alfonso Jiménez Romero, adaptada por Magán, que foi censurada na II Mostra de Teatro de Ribadavia. Tamén Magán adapta "A barca do inferno", de Gil Vicente. O grupo traduce obras irlandesas como "Rosas vermellas para min", de Sean O'Casey, un drama elexíaco de teatro realista, que mostra a situación política e social de Irlanda, a través das loitas que enfrontaron, no 43, o proletariado de Dublín e a burguesía irlandesa-británica. Puxéralle música o actor Antón Casal e tivera lugar a primeira representación o día 2 de setembro de 1976, no Auditorio de San Domingos de Bonaval. Seguiuna O país da saudade, un fermoso folk-drama de W. B. Yeats. Ao mesmo tempo, apóstase por autores galegos, como Antón Vilar Ponte ("Almas Mortas"), e polos clásicos do teatro: Aristófanes, Bocaccio, Cervantes... Tamén daquela Ditea pon en marcha a aula universitaria.



E no 1980 celebra o seu vixésimo aniversario cunha exposición na que reúne maquetas, pezas de vestiario e decorados, ademais dunha ampla información gráfica das montaxes realizadas durante ese período. É entón cando Magán e o grupo comezan a producir textos, como "Alias Pedro Madruga", "Que queredes, Pitos Cairós?", "Mesmo semellaban bruxas, retábulo de meigas e inquisidores" (Premio Ateneo Ferrolán 1978)... Tamén rescatan clásicos do corpus literario galego-portugués, como "Guerras do Alecrín" e a "Manxerona", de José da Silva ou unha adaptación teatral de "Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete", de Castelao. Cabe salientar que Agustín Magán gañou tamén o XII Premio Álvaro Cunqueiro con "Os rebertes", no ano 1990.



A data do 15 de marzo de 1986 marca un fito na historia do grupo. Ese día, no Pazo de Raxoi, o Alcalde Xerardo Estévez, en presenza do Presidente da Xunta de Galicia e outras autoridades, imponlle a DITEA a Medalla de Prata da Cidade ó Mérito Artístico e Cultural. Despois terá lugar no Hotel Congreso un xantar de Irmandade, ó que asisten 187 antigos e actuais membros do grupo, na compañía de numerosos representantes doutros grupos de toda Galicia.

Por esta época andaban a facer tamén teatro radiofónico e Magán seguía producindo... "A lenda de Xan Bonome" e "Farsa plautina" son dous dos seus textos máis celebrados. "As asemblearias ou se as mulleres mandasen" foi feito sobre textos de Aristófanes, e "Don Xoán" foi un capricho dramático sobre textos de Tirso de Molina, Molière e Alexandre Pushkin. Cunha impresionante "Beiramar" (texto de Armando Cotarelo Valledor), o grupo foi seleccionado de

entre 64 de todo o Estado para viaxar a Vilafranca do Penedés (Cataluña) a participar no Concurso de Teatro do Penedés, onde consegue o premio ao mellor espectáculo. Nese mesmo ano (1997), Agustín Magán recibe o premio de Honra "Marisa Soto" pola dedicación de toda unha vida ao mundo do teatro.



O día 5 de decembro de 1996 no Salón Nobre do Pazo de Raxoi, Agustín Magán Blanco (fundador, director e autor teatral do Teatro de Cámara Ditea), recibiu do Alcalde de Santiago, D. Xerardo Estévez, a Medalla de Prata da Cidade ó Mérito Cultural.

O 2 de abril de 1998, Magán, á fronte do grupo durante case corenta anos (a metade da súa vida), deixa orfa a DITEA. Suspendéronse os ensaios de "A pousada de Petra Cotón", que el mesmo dirixía, e vólvese representar "Terra Baixa", de Ángel Guimerá, no Auditorio Municipal de Narón o día 16 de maio. En xullo dese ano, a Asemblea Extraordinaria de DITEA resolve nomear a Alberte Álvarez Escudero, até entón membro directivo, actor e adxunto á dirección, como novo director do grupo.



Na lembranza de Magán, desenvolvéronse os seguintes espectáculos: M'Gambia, unha versión libre sobre os seus textos, que se estreou no 99, no Colexio Público de Dodro, e A pousada de Petra Cotón, -a última obra de Magán, que non chegou a ver sobre as táboas-, estréase en maio do 2001, no Teatro Principal de Santiago. É unha obra inspirada en Le Roman Comique, do clásico francés Paul Scarron, unha comedia grotesca cargada de retranca, parodia cos xogos de contraste e chiscadelas metateatrais ao público. Unha despedida que pon sobre as táboas unha peza sobre o propio teatro e sobre Compostela: as dúas paixóns de Magán. A obra percorre Galiza e cambia varias veces de elenco, até o 30 de novembro do 2003, data en que é representada na Casa da Cultura da Valenzá, en Barbadás, Ourense, dentro do programa "Galicia nos sentidos".



A partir dese momento e por mor da perda masiva de actores e actrices, o grupo entrou nun período introspectivo: non parou de buscar novos textos ou ler outros antigos e axeitar o local. Finalmente, tras un interese de vellos



compoñentes do grupo por regresar, en novembro do 2004 estréase unha revisión de "Tiempo de 98" con motivo do congreso "La Galicia de Valle Inclán" na Pobra do Caramiñal. Acto seguido, empezan os ensaios da súa última montaxe: "Melocotón en xarope", adaptación da comedia de Miguel Mihura, dirixida nun primeiro momento por Xosé Manuel Olveira "Pico" e despois por Xan Casas. Con máis dunha trintena de funcións ao longo de tres anos, a obra convértese na máis representada da historia de DITEA.



A despedida de "Melocotóns" foi , no Teatro Principal de Compostela. As localidades non tardaron en esgotarse, como sempre que DITEA actúa "na casa". Na actualidade, o grupo está a mover dúas producións simultaneamente: "Acto imprevisto", de Miguel Gallego, dirixida por Alberte Álvarez, e "Aquí cheira a morto", baseada en "Usted puede ser un asesino", de Alfonso Paso, e dirixida por Xan Casas.

DITEA é, polo tanto, unha das compañías máis lonxevas de Galicia e España, traballando ininterrompidamente dende a súa fundación fai case 54 anos e sendo un dos xermes do teatro galego contemporáneo. Por DITEA pasaron personaxes fundamentais da escena como Mariluz Villar, Euloxio R. Ruibal, Pepe Domingo Castaño, Luís Zahera, Xosé Manuel Olveira "Pico" ou Mela Casal.